

## AXENCIAS DE VIAXE

# GALICIA DESTINO SEGURO

#SENTIDIÑO *Protexámonos a nós mesmos e aos que nos rodean*

## ANTES DE IR AO TRABALLO



### PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles **á covid-19 e adoptar as medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio. Consulte co servizo de prevención ou co seu médico.



### FEBRE OU CONTACTO CON PERSOAS INFECTADAS


**Non ir traballar** con febre (>37° C) ou **síntomas da covid-19** ou **se houbo contacto próximo** cunha persoa infectada.



### DESPLAZAMENTO AO TRABALLO

Faranse **mellor de forma individual**. Escoller as opcións de mobilidade que garantan a máxima distancia posible. En caso de compartir vehículo deberanse ter **en conta as obrigas do uso de máscara**.

## DISTANCIA DE SEGURIDADE



### NO ESTABLECIMENTO

¡Establecer a **capacidade máxima de persoas no interior** do local para manter a distancia de seguridade de 2 metros. Cando non sexa posible, utilizar **máscara de protección e/ou medidas barreira**, como a pantalla facial ou pantallas de separación de metacrilato ou similares.



### NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

Establecer normas de uso para os distintos **espazos compartidos, evitar sempre aglomeracións** e respectar as distancias entre persoas.



### CONTROL DA CAPACIDADE MÁXIMA

**Limitar** o aforamento, organizar a **entrada e a saída** da clientela para dirixir o fluxo das persoas co fin de evitar o contacto. Respectar a distancia de seguridade durante a espera.



### ORGANIZAR ESPAZOS

**Redistribuír** os espazos, planificar tarefas e procesos de traballo para evitar coincidencia de persoas.

## HIXIENE E LIMPEZA



### LAVADO DE MANS

**Facilitar o lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións desinfectantes. Lavalas antes de poñer e logo de quitar a máscara.



### OLLOS, NARIZ E BOCA

**Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



### VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo nun contedor con tapa, pedal e bolsa desbotable.



### PRODUTOS

Contar con **solucións desinfectantes** en sitios accesibles para o **uso da clientela e das persoas traballadoras**. Dispoñer de produtos para a **hixiene de mans do persoal** e para a **limpeza e desinfección do local**.



### LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Limpar e desinfectar o local e as superficies que se tocan **con máis frecuencia**. **Asegurar a limpeza das superficies das mesas, cadeiras e mostradores** que entren en contacto cos clientes.



### EVITAR COMPARTIR

**Non compartir equipos de traballo ou dispositivos doutro persoal**, de non ser posible, desinfectalos previamente. Desinfectar os obxectos de uso persoal.



### MATERIAL INFORMATIVO

Entregar **material informativo en formato dixital** e evitar o uso de material común, primarase a entrega de material individualizado a cada cliente e eliminarase o de autoservizo.



### MÁSCARAS E LUVAS

**Proporcionar medios de protección persoal** (máscaras, luvas desbotables, pantallas faciais) cando así o indique o servizo de prevención de riscos laborais ou a autoridade sanitaria. Refugalos ou desinfectalos de xeito correcto despois do uso.

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS




### SOSPEITA DA COVID-19

**Ter previsto como actuar** no caso dunha persoa con sospeita. Contactar sempre co centro de saúde ou chamar ao teléfono 900 400 116.



### PAGO

Utilizar o pago con **tarxeta ou móbil** sempre que sexa posible, para evitar o contacto coa clientela.



### SINALIZAR

**Sinalizar** o chan do local onde se precise manter a distancia de seguridade.



### MEDIOS ELECTRÓNICOS

Promover a **atención á clientela con medios telemáticos** para evitar o máximo posible a presenza física dos clientes nas oficinas e priorizar o teletraballo.

